

Branca de Neve

Érase unha vez, unha adolescente chamada Branca de Neve que era a secretaria dun famoso empresario, Andrés Trozado o cal a mandaba traballar máis horas das que lle pagaba e a trataba de forma moi despectiva. Os primeiros 2 meses so era unha media hora ou en días excepcionais unha hora, mandáballe rematar os traballos ou proxectos que él deixaba sen rematar. Un día, citouna no seu despacho dicíndolle que tiña unha boa nova sobre as horas extra, Branca de Neve pensou que ía quitarlle as horas ou ía pagarllas pero, de súpeto, Andrés comezou a rir coma un tolo porque a rapaza foi a xunto del cun sorriso, o cal cambiou nos seguintes cinco minutos a unha cara de gran tristeza, a partir dese día debía traballar 2 horas extra ao día. A medida que pasaba o tempo, a empresa crecía e Andrés trataba peor e peor a pobre rapaza. Ata que un día, todo cambiou, Andrés tiña unha reunión co empresario máis importante do momento pero chegaba 10 minutos tarde polo que o empresario debido á tardanza de Andrés comezou a falar con Branca de Neve e esta ensinoulle que desinou unha goma que borraba tanto bolígrafo como rotuladores, o empresario quedou tan impresionado que deulle a oportunidade de traballar nun alto posto da súa empresa e comercializar esas gomas, ao que Branca de Neve dixo que si sen dúbida algunha. Dous meses despois a empresa de Andrés Trozado caeu en números vermellos e tivo que pechala, polo que buscou traballo nas empresas de amigos e coñecidos e acabou traballando para Branca de Neve que era millonaria e a súa goma vendíase mundialmente, Branca de Neve aceptouno sen problema algún e demostroulle o que era ser unha boa xefa.